

# **Outra Galiza**

Deseño de cuberta: Miguel Vigo  
Ilustración da cuberta: RE-VISIÓN

1ª edición: xuño 2008

© Xesús de Toro Santos, 2008  
© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2008

Dr. Marañón, 12. 36211 Vigo  
xerais@xerais.es

ISBN: 978-84-9782-851-2  
Depósito legal: VG 695-2008

Impreso en Rainho & Neves Ltda.  
Rua do Souto, 8  
S. João de Ver - Feira (Portugal)

Reservados todos os dereitos. O contido desta obra está protexido pola Lei, que prohibe a reprodución, plaxio, distribución ou comunicación pública, en todo ou en parte, dunha obra literaria, artística ou científica, ou a súa transformación, interpretación ou execución artística fixada en calquera tipo de soporte ou comunicada a través de calquera medio, sen a preceptiva autorización.

crónica

---

# Outra Galiza

## Suso de Toro

XERAIS





## Limiar

Escribín isto, estes artigos que compoñen este libro, porque é o que levo facendo toda a vida, ler o xornal e opinar logo sobre o que lin. A estas alturas agardo non estar equivocado pois desde rapaz tomei moi a serio o xornalismo, a lectura do xornal fíxome cidadán, fixo que me alcanzase o que ocorría no meu país e no mundo e que me sentise concernido, dalgunha maneira obrigado a asumir unha responsabilidade. O coñecemento créanos obrigas.

Cando penso nos intereses do escritor de literatura, ese outro, gustaríame ter sido doutra maneira, unha maneira que me permitise vivir centrado na literatura, tratando moi de esguello co entorno social; intentar, intenteino e mais non o conseguín. Constató que como escritor de ficción toda a obra literaria é un disentir da vida e como cidadán levo toda a vida a protestar contra a miña realidade social, contra como é o meu país. E coido que todo o que escribín nos xornais foi por este motivo, para cambiar o mundo, o país. A estas alturas da vida hai cousas que xa non teñen moito amaño, indo ao principio non podo esquecer o título dun dos libros que lin de moi

novo, *Galicia como tarea* de Valentín Paz Andrade. Non sei se me influíu máis o título do libro que todo o texto.

O que vai aquí, escrito en páxinas de difusión na Galiza, nace especificamente do diálogo con este país nestes anos de cambio social e político. Un novo tempo, anos de tránsito cunha certa esperanza de romper á fin cun pasado lamentábel, coa expectativa de que a sociedade galega abrollase máis anovada.

Intentei ser crítico e autocrítico, tentei ser crítico con todos: espero non ter defraudado a ninguén e que todo o mundo se sinta criticado. Non foi con ánimo de molestar, foi con ánimo de criticar. E fíxeno porque quixen, ninguén me mandou, así que se fun criticado, sen razón ou con ela, non teño a quen botarlle a culpa de que me ocorresen esas cousas pois quixen «romper a paz da aldea» conscientemente.

O resume de todo, semana a semana, paréceme que é a intención de ir trazando apuntamentos para un país cívico, ganduxando fíos para unha Galiza da cidadanía. Non hai outra finalidade. Non é literatura nin son escritos para concurso ningún, é evidente que tampouco son para facer amigos: son textos totalmente utilitarios escritos para cambiar as ideas e, deste xeito, as cousas. Naturalmente, quen fala ou escribe para cambiar as cousas coída que as palabras teñen ese poder de actuar. Non sei se eu realmente, aló no fondo, acredito niso, mais fixen así como quen que cre en que servía para algo. Porén, fronte ás miñas dúbidas, constatei que non era o único que cría que as palabras poden cambiar as realidades sociais, e de feito houbo quen mo pasou a cobro de forma terminante.

Nestes anos tanto a sociedade en conxunto como os partidos que conformaron un novo poder político fomos camiñando en paralelo, todos fomos aprendendo a camiñar logo de tantos anos encerrados nun curraliño. Cando se empeza a

andar camíñase con torpeza. Repasando a secuencia do escrito vexo primeiro o desexo, case a consigna de cambio político, logo a expectativa ante un novo tempo e logo o día a día co que ten de esperanza e de frustración abrazados a loitar un co outro. Así e todo, coido que o que corre por debaixo desta sucesión de textos é a confianza na nosa sociedade e nas posibilidades deste tempo novo. Paréceme que late no fondo un optimismo razoábel. A literatura vive do pesimismo e a melancolía, mais os pobos e as vidas das persoas precisan da esperanza, así logo a esperanza é o máis razoábel e intentei razoala.

Os artigos en *A Nosa Terra* (*Tempo aberto*, publicados entre 2003 e 2004) xa estaban en galego e os de *El País* (*Saíndo ao día*, publicados entre 2006 e 2008) foron postos en galego pola tradutora, Isabel Soto, devolvéndoos así ao seu estado máis natural, pois entendo que á cidadanía galega cómpre dirixirse na lingua galega. E máis nada, só dar as grazas aos xornais que me permitiron expresar estas ideas, damos cousas por feitas de máis e non é así: estoulles agradecido, pois a liberdade de expresión é un dereito abstracto que non se pode concretar se non hai medios de comunicación que o permitan. Estoulles obrigado.



**O tempo aberto**



## O traxe non vale

Aquela crianza orfa viña dunha familia desgraciada, na Inclusa regaláronlle un traxe pola Primeira Comunión, o traxe éralle xa rabelo daquela. Desde entón leva esa roupa e van alá xa anos, como ten as canelas ao aire e lle rebentan as costuras os seus titores matinan agora en tomarlle medidas para baixarlle as bastas e soltarlle as sisas. Pobre crianza que ten anos de home ou muller e que non pode saír con ese traxe ao mundo, a vida é cruel, a xente repara e ri.

No *Sempre en Galiza* o discurso do galeguismo cobra nova madurez, actualiza a idea nacional da Galiza para todo o século XX. Serve aínda de base para a necesaria nova actualización. Respecto da lingua, Castelao, sen perder nunca a tenrura polo popular, deixa quedar a concepción do galego como fala de clases iletradas e sitúao no contexto internacional, iso xunto co coñecemento da historia do noso reino condúceno a entender o galego dentro da súa corrente lingüística, o hispánico occidental que se fala na Península, na América e noutros lugares do mundo.

A terríbel derrota, castigo e amputación que foi a Guerra e a ditadura supuxo perda e tremendo retroceso. Nese contex-

to mísero reconstrúese precariamente a idea de país e lingua. Vólvese ao galego como fala rústica sen memoria nacional e escrita. Esfuerzo humano enorme levantar unha lingua con esa materia, un impagábel esforzo cheo de amor (e de autocompaixón tamén). A reconstrución do galego fíxose dentro da forma ideolóxica e metodolóxica da universidade madrileña franquista. Ese esquema ten o límite das fronteiras do Estado e o límite da historia oficial de España: unha fala «interior» e, consecuentemente, escríbese coa ortografía nacional española, a castelá. Un estudante de hispánicas alemán, francés, ruso..., que lea un texto escrito neste galego normativo reconece inmediatamente a fasquía do castelán. Mesmo este «ñ», a insignia do Instituto Cervantes (e causa nacional española).

Cando o parlamento galego aprobou esta normativa da escrita vestiron a lingua cun traxe que xa era cativo, non ten sentido ningún andar agora a baixarlle as bastas. Hai que ollar ao noso redor e ver como anda vestida a xente de hoxe.

Desde aquela, España, Galiza, Europa..., o mundo cambiou absolutamente. A autonomía, que era recién chegada, multiplicou os seus orzamentos por dez; España entrou na Unión Europea; desapareceu aquel mundo partido en dous bloques; as alfándegas deixaron de actuar (tamén con Portugal); veu a telefonía celular; as viaxes aéreas son hoxe rutineiras; temos moeda común europea; Internet, ese hiperespazo sen fronteiras administrativas, forma parte das estruturas do mundo e mais é medio de comunicación cada vez máis central... A idea de nación hoxe só pode ser outra e a relación cos idiomas tamén.

Hai quen pensa que reflexionar sobre a lingua son vellas disputas de profesores encirrados; mais trátase doutra cousa, do mundo, da vida. Non abonda con que deixemos de «face-lo caldo» e pasemos a «facer o caldo», hai cousas que nin hai

que discutir. Do que se trata agora é de facer por unha vez as cousas ben, como se fóssemos un país de verdade, civilizado, moderno, como os outros. Dun carallo dunha vez. Trátase de liberarnos da cadea ideolóxica castelanista que arrastramos, un resto, outro, do puro franquismo. Os cidadáns da nación galega podemos usar sen complexos o castelán cando precisemos ou gustemos (je o inglés, e o francés!). E desde logo podemos, e debemos, usar a nosa lingua non só como lingua doméstica (enxebre, típica, «a da miña aldea», «a do meu pobo») senón como un instrumento de comunicación internacional, de estar no mundo. Daquela que sentido ten escribir o galego como dialecto interno do castelán? Revisemos, urxentísimamente, a nosa concepción do galego, actualicémola. Ou xa é tarde de máis?

19/07/2003

## Outras ideas, outro galeguismo

As ideas sobre cultura, sociedade, política que se expresan en galego viven até tal punto nun universo propio que mesmo contaminan a lingua, así o galego é visto pola sociedade como unha lingua con ideoloxía: o «galeguismo», o «esquerdismo» ou as dúas cousas xuntas. Ese feixe de ideas é internamente diverso, é un mundo rico, fértil, moderno en varios aspectos, porén, hai un rasgo que o domina: a autocomplacencia autoxustificadora, o complexo de vítima que empece ser autocrítico. E de aquí deriva a incapacidade de actualizarse históricamente, o galeguismo hoxe é un mundo autónomo e levitante, tecido coas cumplicidades, medoñento, refuxiado na ideoloxía para non afrontar o noso tempo, o mundo.

Históricamente a literatura foi tronco e nervo do galeguismo, agora está a ser un tóxico; para ser unha corrente cívica plena o galeguismo non pode encerrarse nunha visión literaria, nun cómodo limbo. Son a España e Galiza iguais que no ano 75? Iguais que antes da Unión Europea? Como cando había Banco de España e peseta, exército nacional de leva obrigatoria, alfándegas e gardas civís nas fronteiras estatais? É o

mundo igual ao de antes da queda da URSS? Os discursos nacionais e as estratexias que procuran xustiza hoxe deben contestar con humildade a esas preguntas ou entrarán nun camiño sen saída; ou xa están. O nacionalismo galego debe aceptar que a queda da URSS e o modelo soviético, fracasaron do seu propio fracaso. E os cascallos que ficaron onde aquela utopía son pouco útiles á humanidade.

Existiu colonialismo, existen políticas imperialistas: Irak, Palestina, Tíbet, a man de EE.UU., Francia, China en África. Mais os dominadores xa non precisa do colonialismo clásico, as relacións de dominio e explotación funcionan dun modo máis complexo, orgánico e eficaz, pois formamos todos un único corpo mundial e os conflitos están xa todos dentro nosa. Aceptar a realidade obriga a falar claro da organización da economía, non se pode dicir unha cousa e facer a contraria se un quer ser tomado a serio pola sociedade. Hai unha esquerda na Galiza, e por extensión o nacionalismo galego, que aínda ten que pensar que facer coa idea da revolución. Recoñecer o mundo existente non obriga a ser de dereitas, o mundo está como está para ser transformado nun mundo máis xusto.

E, sobre todo, o nacionalismo galego debe abandonar de vez a visión grandilocuente que ten de si mesmo. Na II República o galeguismo político foi quen a liderar un proceso histórico, a loita pola autonomía; o nacionalismo debe recoñecer a evidencia de que non interviu de forma decisiva nos procesos políticos e socioeconómicos que modelaron a Galiza actual: democracia, autonomía, U.E...A maior parte del estivo á marxe ou enfrentouse a eles, foron outras correntes políticas as que os conduciron, o nacionalismo foi testemuñal a través de figuras ou organizacións que non son centrais ao BNG. De aí esas ambivalencias coa autonomía e a construc-

ción da Europa. A sociedade galega deulle ao nacionalismo un capital humano valiosísimo, a xente máis rebelde, animosa, comprometida, sobre todo a xuventude. Con iso fixo políticas de resistencia, que paliaron ataques a intereses nosos concretos, políticas defensivas. Tendo tan grande riqueza humana, hai que concluir que faltou intelixencia política e visión histórica. Leva décadas a remolque da historia.

### **Dura lingua, dúas linguas**

E o pensamento sobre a lingua, que ten un papel tan importante no galeguismo, está completamente obsoleto, fora de época e completamente á defensiva, encerrado en consignas. Hai que escoitar a realidade social (mesmo hai que considerar as obxeccións dos obxectores, alén do indudábel integrista que conteñen, non hai máis remedio que consideralas). Analisamos a presenza do castelán entre nós como imposición imperialista e colonial, e foino historicamente, padecéronse políticas para facer desaparecer a Galiza como reino efectivo e para reducir planificadamente o galego de lingua do país a xirga de paisanos. Aínda non fixemos a necesaria experiencia terapéutica de botar fóra o que ten sido e mais é o ser galego falante, vivir connotado remarcadamente como galego, esas experiencias de humillación e de destrución da identidade personal. Necesítamolo, é terapéutico, sen que iso nos deteña na autoxustificación e o victimismo.

Con todo, o castelán xa non precisa da imposición para trunfar, agora son os galegos e galegas os que o procuran, os que abandonan a que poden as nosas palabras, mesmo o sotaque, para asimilarse como castelán falantes. É por algo. Emular, copiar é un mecanismo de melloramento que ten a nosa

especie. Hoxe a nosa xente copia os modelos sociais dominantes, o que ve na televisión, os modelos que trunfan na nosa sociedade aculturizada. E con iso temos que competir. Competir é ofrecer un produto mellor, algo máis atractivo e que ofrezca viabilidade e progreso personal e social. Ou iso ou nada.

Sempre é complicada a coexistencia de dúas linguas na mesma sociedade, loitan. O galego é a lingua da Galiza, mais o castelán non é unha lingua calquera en ningún sentido. Hoxe é unha evidencia social abrumadora entre nós, abonda escoitar á xente: Non é unha lingua extranxeira en absoluto, non sendo no plano da ideoloxía.

E para comprender sen autoenganos a relación que pode ter o galego co castelán, hai que aceptar que «o español» é unha lingua distinta ao euskaro, o finés, ou o polaco, que só se fala en Polonia por polacos, ou que o italiano, cun grande pasado literario e que foi lingua en Europa lingua de cultura; distinto que o francés, falado en Francia e parte de África e cunha tradición cultural enorme... Tampouco «o español» é o de hai corenta anos, o da España encerrada de Franco, ignorante, atrasada, de costas a Europa, aquela era unha lingua de trinta e tantos millóns de españois, unha lingua dun estado nación. Coa democracia, a entrada na Europa e o medre económico o estado español gañou prestixio e espazo no mundo e gañou influencia en América, isto reforzou o papel e a importancia do castelán. Non é unha lingua calquera: é a terceira lingua en falantes do mundo e a medra, cada vez máis estudada na Europa, onde come o terreo do francés e italiano como segunda lingua. Nada máis e nada menos.

É unha das grandes linguas do planeta en cifras, tamén potencia cultural, España como conxunto éo: Velázquez, Goya, Picasso... A literatura en castelán é dunha riqueza enorme: «La Celestina», «Don Quijote», San Juan de la Cruz, «La

vida es sueño», Quevedo, «En las orillas del Sar», César Vallejo, Lorca, Valle. E esta España europea, desmarcada das políticas imperialistas, cun goberno paritario é vista con interese no mundo. O castelán é a lingua desa potencia. Por iso nos costa tanto comprender a quen afirma estar preocupado pola situación do castelán entre nós, é como preocuparse pola saúde da Coca-Cola, do lobby armamentístico e petrolífero norteamericano ou da China.

Para ben e para mal temos que tratar cunha lingua así, cun dobre carácter para nós: é un instrumento moi valioso ao noso dispor e tamén é unha máquina de colonizar culturalmente. E para conseguir algo hai que parar e constatar que os galego falantes somos unha minoría no noso propio país, iso é evidéntísimo nas cidades. E as políticas que se pensen deberán ser para protexer a esa minoría. Asumámolo, o galego como lingua social, xa non digo nacional, está nunha situación histórica agónica. Afrontémolo.

### **Dentro, fóra, con, en España**

E afrontemos a nosa relación con España ou en España. As relacións puramente «bilaterais» son unha construción metafísica irreal, pois son posíbeis relacións federais, mesmo confederais, mais non unha relación entre entes separados: a Galiza existe en por si de certas maneiras e así podemos falar de Galiza e de España, mais a Galiza existe «en» España de moitos modos, bos e malos.

Deberamos deixar frases goras que están a anos luz da realidade social, das realidades humanas. Desde a Galiza, desde o galeguismo, ademais de pensarnos na Europa hai que pensar as relacións coa España e na España, na actual pertenza a un esta-

do. Logo de estudar os números e preguntarnos cal é a nosa posición: Somos extranxeiros a esa realidade humana e política? Somos parte? Estamos aí malia non sermos de aí? Estes cidadáns e cidadás que vivimos aquí, con esta perspectiva e intereses, esta cultura, esta historia e esta lingua, temos dereito a esixir recoñecemento para nós, para as nosas identidades? E que poden agardar de nós os demais cidadáns do estado? Lealtade a un pacto de convivencia? Cales serían as condicións? Máis aló das conveniencias, temos lazos de irmandade con eles?.

25/04/2008